



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

XUSTIFICACIÓN DOS ASPECTOS ESIXIDOS POLO ART. 116.4 DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (LCSP) NA CONTRATACIÓN DA OBRA “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO”, INCLUÍDA NO POS+2023

EXPTE.: 2023/C003/000005

O PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN E O VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO.

O presuposto base de licitación é o sinalado no proxecto:

Base imponible:	153.593,90 €
IVE:	32.254,72 €
TOTAL:	185.848,62 €

Polo que se refire ao valor estimado do contrato (en diante, VEC) virá determinado polos seguintes conceptos: base imponible e o importe das modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato.

No presente caso non se prevén/non se definen modificacións nos termos previstos no art. 204 da LCSP, polo que o VEC é o seguinte:

Base imponible:	153.593,90 €
Total VALOR ESTIMADO:	153.593,90 €

ELECCIÓN DO PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.

A presente obra está incluída no POS+ 2023, de conformidade coas bases reguladoras do citado Plan, base 7ª, é necesario que o Concello proceda á súa contratación de acordo coa LCSP, mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "aberto simplifícadísimo", utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación Provincial.

No presente caso considérase que debe acudir ao procedemento aberto simplificado con varios criterios de valoración, mediante a aplicación de fórmulas (oferta económica e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa) con base en:

- Que de conformidade coa LCSP a adjudicación realizárase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto ou restrinxido.
- A propia natureza/obxecto da obra e que esta non presenta unha especial complexidade dende o punto de vista técnico (o que se ten en conta tanto na elección do procedemento como nos criterios de valoración).
- Que o valor estimado do contrato, moi por debaixo do fixado pola LCSP, aconsella acudir ao procedemento simplificado, pois, este conxuga os principios aos que se refire o artigo 1 da LCSP coa axilidade do procedemento, ao simplificar ao máximo os seus trámites.
- Os pregos-tipo da Deputación, e en concreto do procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas), establecen distintos/posibles criterios de valoración e "indicacións" respecto á puntuación máxima e mínima a outorgar a estes, correspondendo ao órgano de contratación, cumprindo coas citadas



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

premisas, determinar os criterios de adxudicación e as puntuacións que se atribúen a estes.

Así, tendo en conta os posibles criterios de valoración establecidos/determinados polos pregos-tipo, a natureza/obxecto do contrato e os medios persoais precisos para a execución da obra, óptase por establecer os seguintes criterios coas seguintes puntuacións:

1.- Oferta económica (puntuación de 0 a 80 puntos), xa que se pretende e se entende que é posible lograr un aforro na licitación, e ser este criterio unha forma efectiva de dar cumprimento ás/aos finalidades/principios da contratación pública establecidos no art. 1 da LCSP (estabilidade orzamentaria, control do gasto e eficiente utilización dos fondos públicos).

2- Porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa (puntuación de 0 a 10) preténdese ter en conta un criterio de carácter social, fomentando desta forma a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e considerando de novo, o preceptuado polo art. 1 da LCSP, neste caso o parágrafo 3º, o cal di: “... *En toda contratación pública incorporáranse de maneira transversal e preceptiva criterios sociais e ambientais sempre que garde relación co obxecto do contrato, na convicción de que a súa inclusión proporciona unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual, así como unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos*”.

En resumo cos citados criterios e de conformidade cos arts. 1, 131 e 145 da LCSP se pretende que a mellor oferta garanta o principio de mellor relación calidade-prezo.

CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA.

A clasificación do empresario non é esixible de conformidade co artigo 77 LCSP á vista do VEC. Non obstante, de conformidade co citado artigo, deberá establecerse no prego a clasificación aos efectos de acreditar a solvencia. Tendo pois que acreditarse a solvencia, resulta necesario proceder a establecer a clasificación a efectos de acreditar esta, así, por parte do redactor do proxecto determinouse esta en cinco subgrupos, dous do grupo A, un do grupo E e dous do grupo G, todos eles da categoría 1. Non obstante, a Sra. García Varela, funcionaria, arquitecta técnica municipal do Concello de A Laracha, que prestaba naquel momento servizos neste concello en virtude de convenio de colaboración, determinou a seguinte clasificación:

GRUPO E	SUBGRUPO 01	CATEGORIA 1
GRUPO G	SUBGRUPO 04	CATEGORIA 1

Sendo esta última a que se establecerá para o presente contrato a efectos de acreditar a solvencia.

Doutra banda os requisitos e documentación a efectos de acreditar a solvencia son os establecidos polo prego-tipo, documento este que está obrigado a utilizar esta administración.

En relación á solvencia indicar que ademais se teñen establecido/establecerán os medios materiais e persoais que deben adscribirse á execución do contrato, medios estes que se fixan/fixarán á vista dos documentos asinados polo redactor do proxecto e pola Sra. García Varela, funcionaria, arquitecta técnica municipal do Concello de A Laracha, que, como xa se dixo, prestaba naquel momento servizos neste concello en virtude de



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

convenio de colaboración, sendo os determinados por esta última os que se recollerán no prego. Ambos documentos, en todo caso, figuran incorporados ao expediente.

XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

A este respecto debe terse en conta que pola Resolución da Alcaldía 34/2023, do 30/01/2023, xa se resolveu/xa se determinou a non división en lotes da presente obra, sendo a citada resolución do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NON DIVISIÓN EN LOTES DA OBRA “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO”, INCLUIDA NO POS+ 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

EXPEDIENTE: 2023/A008/000008

Visto que o Concello de Malpica de Bergantiños ten previsto solicitar a súa participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluíría a obra “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO” e a correspondente aprobación do proxecto.

Visto que as bases reguladoras do plan establecen: “Cada obra ou subministración debe ter carácter de completo, no sentido de poder entregarse ao uso público, e ademais identificarse cun único proxecto ou prego de prescricións técnicas, debendo estar asinado por técnico competente.

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE n.º 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes. En consecuencia, se o investimento é divisible en lotes deberá solicitarse de forma individualizada en proxectos ou pregos independentes.

Non obstante, o concello poderá solicitar incluír neste Plan un proxecto ou prego susceptible de división en lotes sempre que o órgano de contratación acorde motivadamente non dividir en lotes o obxecto do contrato, xuntando xa coa solicitude de participación neste Plan o acordo ou resolución que así o xustifique validamente, utilizando os motivos que, de acordo co previsto na citada norma, o concello considere aplicables”.

Visto que no Anexo V “Informe técnico sobre o investimento”, subscrito polo arquitecta técnica municipal, consta: “Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións”.

Visto, en consonancia co anterior, que o art. 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece: “Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha dos seus partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.

En todo caso consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

.../

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

b) .../ ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificadas debidamente no expediente.”.

Considerando que a adopción do acordo sobre a non división en lotes da obra debe/pode ser adoptado órgano de contratación, Alcaldía, é polo que a vista do exposto, é de conformidade coas facultades que me confire a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,

RESOLVO:

Primeiro: No caso de que o pleno acorde a participación no “POS+ 2023” incluíndo a obra “1ª FASE MEJORAS DE LAS INFRAESTRUCTURAS (RED DE PLUVIALES Y PAVIMENTACIÓN) EN EL NÚCLEO DE SANTIRSO” e aprobe o correspondente proxecto, non dividir a mesma en lotes, pois a citada división suporía un risco para a correcta execución do contrato dada a natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, tal e como se ten informado pola arquitecta técnica municipal e de conformidade co establecido no art. 93.3 b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga